

ALUMNO/A:

PROGRAMA

10:30h. Saída de Rianxo

11:30h. Museo de Pontevedra

Realización dunha tarefa na Sala Castelao

14:00h. Praza da Ferreiría. Xantar

-Bocadillo da casa para comer nos soportais do centro

-Cartos para comer nunha Pizzaría

(Darase 1 hora libre para comer. Se ben, non se poderá saír da zona peatonal e poderase contactar coas docentes a través do móbil)

15:00h. Praza da Ferreiría. Roteiro Castelao

Inicio do roteiro pola zona monumental de Pontevedra

17:00h. Saída de Pontevedra

18:00h. Chegada a Rianxo

MATERIAL NECESARIO

-Roupa cómoda, calzado adecuado para andar

-Mochila pequena con:


-Bocadillo, froita e auga

-Móbil (se tivese)

-Algo de cartos se deciden non levar comida da casa

-CADERNO DE VIAXE e BOLÍGRAFO

-Moita curiosidade e ganas de pasalo ben AÍNDA QUE CHOVA!



PROFESORADO:

DEBUXO

TEXTO

Roteiro Castelao

1. Praza da Ferreiría
2. Museo de Pontevedra
3. A fábrica da Luz
4. Praza do Teucro
5. Praza das Cinco Rúas
6. Teatro Principal
7. Monumento a Castelao
8. O Instituto
9. Café Moderno
10. Rúa da Oliva
11. Café Méndez Núñez

S. saída do Roteiro

F. fin do Roteiro

C. concello

I. información



CASTELAO EN PONTEVEDRA

A zona monumental de Pontevedra ábrese na Praza da Ferreiría, onde comeza o roteiro. No ano _____, nun recanto desta praza, Castelao asenta a súa oficina de _____. Castelao participará con debuxos na reconstrución do _____ da Igrexa de San Francisco e na recolocación da antiga _____ da Ferreiría, daquela abandonada no lugar que hoxe ocupa nos Xardíns de Casto Sampedro. Noutro extremo da praza, en tempos republicanos, colaborou no xornal _____, onde inseriu o seu humorismo e pensamento galeguista. Castelao formou parte dun reducido grupo de pontevedreses que en _____ fundou o Museo de Pontevedra. Xunto a _____ levou á práctica a insistente idea de Losada Diéguez de crear un museo para Galicia e os galegos. Para o museo servíronse do vello Pazo de _____. Desde o primeiro momento, ademais da Sociedade Arqueolóxica, Castelao doou obra súa e entregou obra de artistas galegos que el colleccionaba, para que se expuxera nas salas do novo museo. Mesmo descubriu e entregou pezas tan importantes como a _____, que localizara en terras da _____, de onde era a súa muller. Tamén foi el que entregou e restaurou os restos dun cruceiro situado hoxe na Praza do _____, convertido en símbolo da cidade. Despois da súa morte, en 1950 en Bos Aires, a súa viúva procurou que o seu legado fose entregado a este Museo de Pontevedra. En 1914 Castelao sofre un desprendemento de retina, polo que perdeu moita visión, a pesar diso, desde a súa chegada a Pontevedra deu a coñecer o mellor da súa pintura e da súa caricatura. Castelao atopou o lugar preciso, amplo e luminoso, onde plasmar as súas ideas escenográficas, baixando pola rúa _____, na antiga Casa do Macelo, convertida desde o séc. XIX na _____. Así Pontevedra coñeceu un adianto do que co tempo sería a obra _____. Colaborará desde aquí con _____ na escenografía de Divinas Palabras, pois este autor iniciouse na literatura vivindo na casona dos _____, aquí en Pontevedra. A actividade política de Castelao en Pontevedra estivo ligada a Alexandre Bóveda e ao xornal _____, instalado no nº24 da Rúa dos Comercios.

Se todas as rúas e prazas da cidade vella conservan a pegada de Castelao, a praza do Teucro, tamén chamada _____, foi testemuña da impresión no obradoiro de _____ da edición prima da súa obra teatral *Os vellos non deben de namorarse* en 1953. Foi nesta mesma imprenta onde saíra á luz en 1922 *Alborada*, revista na que Castelao introduce a técnica do _____ en Galicia. Un procedemento que contribuíu a crear escola e co que ilustrou traballos de Antón Vilar Ponte, Luís Amado Carballo, Vicente Risco ou _____.

A praza do Teucro acolle tamén pazos de antigos solares con orixe na Pontevedra medieval, da heráldica dun deles, a dos Mariño, recolle castelao a representación da serea que utilizará para deseñar o _____.

Hoxe ocupa a praza das Cinco Rúas un cruceiro que Castelao chegou a coñecer na súa localización orixinal da ribeira de Estrivela. Esta peza escultórica orgullo dos nosos canteiros pasaría a ocupar un lugar destacado, como tantos outros cruceiros de Pontevedra, na súa obra _____.

Se seguimos pola rúa adicada ao poeta medieval _____ tan emparentado con Rianxo como Castelao, atopamos o lugar que acolleu nos anos trinta a imprenta "La Popular", obradoiro onde se editaba _____, voceiro do Partido Galeguista á que Castelao estivo tan unido e onde publicou moitas páxinas de humor gráfico e no que escribiu escollidas páxinas co seu ideario galeguista.

Pola rúa Tetuán rodeamos o edificio que acolle o _____. O primeiro andar do número 2 desta rúa serviu durante a II República de sede para o _____, a organización na que Castelao chega a ocupar cargos de responsabilidade como dirixente político ao lado de homes como Vitor Casas e Alexandre Bóveda, os seus compañeiros máis entrañables.

O primeiro contacto de Castelao con Pontevedra é dos seus tempos de

estudante cando, como membro da tuna compostelá, actuara no _____. **O** Teatro Principal tamén foi testemuña da andaina artística de Castelao como escenógrafo e actor ocasional de cine. Este teatro coñecerá a estrea en 1917 da película titulada _____, un filme no que Castelao aparece como actor.


Pola rúa dona Tereixa sóbese cara o antigo "_____" ". atopámonos alí co monumento erixido por vontade popular en homenaxe a Castelao.

Pola rúa Santa María dirixímonos cara á Casa do Concello e desde alí lembraremos o xa desaparecido Café _____ da rúa Michelena, que Castelao decorara con pinturas murais nas que recreaba humoristicamente personaxes populares da comarca O Cego de Padrenda. **Alí** perto, as Ruínas de San Domingos e tamén o seu cruceiro sinalan o camiño cara un edificio que sentiu a pegada de Castelao:

_____, porque **desde** 1916 Castelao é mestre auxiliar de debuxo en Pontevedra. **Se** cruzamos os xardíns das Palmeiras, achegámonos á Praza de San Xosé onde se situaba o Café _____, lugar onde Castelao participaba nas tertulias dos vellos republicanos, apuntando anécdotas que logo servirían de inspiración ás súas personaxes literarias. Neste café preparaba a diario as súas _____ para xornais como El Ideal Gallego ou Faro de Vigo. **O** rueiro lévanos pola Oliva e mediada esta rúa atopámonos no nº 10 a _____ onde viviron en Pontevedra Castelao e Virxinia. Nela foi incautada tras o golpe militar de _____ a súa biblioteca e as ducias de cadros que alí conservaba.

Rematando a camiñada a memoria doutro café desaparecido recrea a orixe pontevedresa da revista Nós, da que Castelao foi director artístico. En torno dunha mesa de mármore do Café _____ trazou xunto a Vicente Risco o nacemento daquela publicación de vital importancia para o renacemento cultural galego, por un tempo imprentada en Pontevedra no obradoiro de Poza da rúa Michelena.

A ILLA DAS ESCULTURAS



A **Illa da Xunqueira do Lérez** está situada no centro da cidade de Pontevedra con accesos directos a través de pontes e pasarelas. Atópase nunha zona do río Lérez, que está declarada como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), incluída dentro da Rede Natura 2000.

O proxecto **Illa de Esculturas de Pontevedra**, é o primeiro que se realiza en España como unha transformación da paisaxe a través da arte actual. Doce artistas foron invitados para realizar proxectos específicos para a Illa e cada un deles ideou unha obra que se interrelaciona coa paisaxe, coa tradición do lugar, coa historia da escultura e da pedra e moi especialmente coa esencia do home e a súa relación coa Natureza. A pedra, material presente en todas as esculturas, a pervivencia do camiño como ruta e como encontro de culturas, e a idea de liberdade e diferenza, enchen conceptualmente este proxecto, quedando as esculturas permanentemente incorporadas ao espazo, creando a **primeira Illa de Esculturas de España**, e unha das poucas e xa históricas iniciativas internacionais de similares características.

Aquí deixaron a súa obra importantes artistas nacionais e internacionais como Giovanni Anselmo, Fernando Casás, JP Croft, Dan Graham, Francisco Leiro, Richard Long, Robert Morris, Anne & Patrick Poirier.

O MUSEO DE PONTEVEDRA



O Museo de Pontevedra foi creado pola Deputación Provincial a proposta de 3 deputados o 30 de decembro de 1927. Nacía, tal e como se recolle no preámbulo da moción fundacional, para completar o labor levado a cabo pola *Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, institución creada en 1894 por Casto Sampedro.

Para a instalación do Museo adquiriuse en 1928 o fermoso pazo do século XVIII, levantado por José de Castro Monteagudo, situado no centro histórico da cidade. Coidaron con agarimo da súa axeitada restauración, dirixida por Juan Argenti, arquitecto, Francisco Javier Sánchez Cantón e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, os tres integrantes do primeiro Padroado do Museo.

O Museo abriu as súas portas ó público o 10 de agosto de 1929. As coleccións que iría reunindo o Museo, por mandato estatutario, partían da fidelidade ó seu ámbito pontevedrés de nacemento pero deixaban as portas abertas á presenza ou recepción de fondos doutros enclaves, tanto galegos coma foráneos.



01. Praza Provincial
02. Monumento aos Heróes de Ponte Sampaio
03. Museo de Pontevedra. Ruínas de San Domingos
04. Casa do Concello
05. CITA. Centro de Interpretación das Torres Arcebispais
06. Palacete das Mendozas
07. Basílica de Santa María a Maior
08. Santuario das Aparicións
09. Praza das Cinco Ruas
10. Parador Casa do Barón
11. Praza do Teucro
12. Capela do Nazareno

13. Teatro Principal e Liceo Casino
14. Casa das Campás
15. Praza de Curros Enríquez
16. Praza da Ferraría
17. Monumento ao Loro Ravachol
18. Santuario da Virxe Peregrina
19. Xardíns de Casto Sampedro
20. Igrexa de San Francisco
21. Museo de Pontevedra. Edificio Fernández López
22. Museo de Pontevedra. Edif. Castro Montequido
23. Museo de Pontevedra. Edif. García Piñeiz
24. Igrexa de San Bartolomeu

25. Museo de Pontevedra. Edificio Sarmiento
26. Museo de Pontevedra. Sento Edificio
27. Praza de Mugartegui ou da Pedreira
28. Mercado de Abastos
29. Praza de Méndez Núñez
30. Praza da Verdura

